



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL (INORDE) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VALORIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS NO XEODESTINO Nº 10 CELANOVA-BAIXA LIMIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente da Axencia Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto** establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Axencia Turismo de Galicia e o INORDE para a redacción do Plan Director de Turismo do xeodestino número 10 Celanova – Limia.

As accións a desenvolver a través do convenio son as seguintes:

1.- Creación produto turístico de base natural.

Propónse estudar a creación dunha ruta autoguiada para ser realizada en bicicleta de montaña (que pode ter unha versión de ciclismo de estrada).

2.- Plataforma web e xestión de redes sociais

3.- Material divulgativo

4.- Selección de marca e elaboración do manual de imaxe corporativa

5.- Promoción en feiras, eventos deportivos e culturais, promoción de produtos do xeodestino e impulso a gastronomía.





6.- Visitas interpretadas

7.- Acordos con touroperadores

8.- XXV aniversario da declaración do Parque Natural Baixa Limia- Serra do Xurés

9.- Análise de necesidades formativas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo, e para lograr esta finalidade acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. Así mesmo, no exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos turísticos, definidos como áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da





Administración autonómica.

Terceiro.- De conformidade cos estatutos aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004 e publicados no BOP do día 5 de outubro de 2004, o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) é un organismo autónomo de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa para a realización dos seus fins.

Cuarto.- O INORDE aprobou a subscripción, con todos os concellos que integran o xeodestino turístico nº 10, Celanova-Limia, dun convenio de colaboración para a execución das actuacións dunha primeira fase do Plan Director do xeodestino, aprobado no ano 2016 e no cal priorízanse as liñas de acción para potenciar os diversos recursos turísticos da área e se determinan un cronograma de tres anualidades para a súa execución. En virtude deste convenio de colaboración, os municipios interesados encomendaron ao INORDE a función de ente xestor do Plan Director do xeodestino, no ámbito das competencias municipais, delegando neste organismo autónomo o exercicio das competencias necesarias para executar a primeira fase do dito Plan. O INORDE, como medio propio da Deputación Provincial de Ourense, será o organismo encargado da xestión e execución do presente convenio

Terceiro.- Coa sinatura deste convenio Turismo de Galicia quere contribuir a potenciación e desenvolvemento deste xeodestino. Asemade procurarase que as accións desenvolvidas a través deste convenio, contribúan á sensibilización tanto dos visitantes como dos propios veciños da zona sobre a importancia de preservar e poñer en valor os recursos naturais, culturais e enogastronómicos que teñen unha clara proxección turística co correspondente beneficio económico para a zona.

Que a través deste convenio, outórgase ao INORDE unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Axencia Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, Km. 3 (A Barcia)
15897-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 542 500



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

